



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

SEMINARIO INTERDISCIPLINAR

**O(S) SENTIDO(S) DA(S) CULTURA(S)**

COORDINADO POR RAMÓN MAIZ

## **CIDADE E ESPAZO POSMODERNOS**

---

**Michel Maffesoli**

Tradución de Cristina Río López

Pode consultar o texto orixinal en francés remitido polo autor en [www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

---

Martes, 2 de marzo de 2010

17:00 horas

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**



## Michel Maffesoli

---

Michel Maffesoli (Hérault, Francia, 1944) está considerado un dos fundadores da socioloxía do cotidiano. Coñecido polas súas análises sobre a postmodernidade e o imaxinario, exerce de catedrático, desde 1981, na Universidade da Sorbona. Director da revista internacional de Ciencias Humanas e Sociais Societés.

Entre as súas obras destaca *Lógica de la dominación* (1977), *La violencia totalitaria: ensayo de antropología política* (1982), *El tiempo de las tribus* (1990), *De la orgía: una aproximación sociológica* (1996), *Elogio de la razón sensible: una visión intuitiva del mundo contemporáneo* (1997), *El instante eterno. El retorno de lo trágico en las sociedades postmodernas* (2001), *La tajada del diablo. Compendio de subversión postmoderna* (2002), *El nomadismo: vagabundeos iniciáticos* (2004), *La transformación de lo político. La trivialización del mundo postmoderno* (2005) e *En el crisol de las apariencias: para una ética de la estética* (2007).

## CIDADE E ESPAZO POSMODERNOS

---

### Michel Maffesoli

A socialidade, a do «mundo vital», non se reduce a unha esfera social que se poida deducir por simple razoamento: baséase, pola contra, en imaxes compartidas. Para retomar o termo que, segundo M. Weber, caracterizaba a comunidade, o que está en xogo pertence á escala do *emocional*.

A emocionalidade escapa ao mandato moral e fundaméntase nun «piar antepredicativo e precategórico». As teatralidades corporais que se viven no día a día nos rituais da vestimenta ou que se expresan, elevadas ao paroxismo, nos numerosos «desfiles» urbanos subliñan un *ordo amoris* (M. Scheler) en que predomina un forte sentimento de pertenza.

Hase de recoñecer que existe, no corporeísmo e no imaxinario que nos rodean, un impulso vitalista que conxuga o material e o espiritual. O intelectualismo ou racionalismo que —aínda— é dominante, polo menos no sentido institucional, sempre se dedicou a establecer unha liña divisoria entre as diversas esferas da natureza humana; e, no entanto, o que lle é propio á vida orgánica descansa sobre a riqueza desa conxugación. Así, igual que o «espírito do viño» se acha en constante relación coa materia (rexión, cepa), existe unha sutil alquimia entre o traballo do corpo —vestido, fenómenos de moda, toda cousa típica da vida urbana— e a constitución dun espírito común, dun vencello imaxinario.

Mesmo se pode dicir que é na teatralidade urbana onde se dá unha experiencia do ser colectivo.

O que emerxe á superficie, a modo de ideograma, é un inconsciente arquetípico co cal comungan todos. O signo tórnase símbolo e fai xurdir o outro lado, inmaterial, das cousas.



En varias das súas análises, Karl Jaspers fai referencia á «comunicación existencial» en tanto que fundamento de toda cultura. Eu engadiría que, no seu momento fundador, a cultura é sempre anómica. Contravén as normas establecidas, anóvase a miúdo con valores vellos; é chocante, cando non provocadora, no sentido de que non obedece os mandatos comunmente admitidos na vida social. Porén, sen pretendemos canonizala a priori, tal anomia non deixa de ser instrutiva para os que fan da lucidez unha marca de nobreza de espírito.

A volta do orgánico á vida das nosas sociedades —é dicir, a esa conxunción de opostos que son a alma e a materia— apela a un pensamento orgánico. Con isto refírome a una actitude fenomenolóxica que, tendo en conta as imaxes, poida cualificar antes de legislar. Sabemos desde hai moito que a preocupación polas denominacións exactas constitúe a base mesma da necesaria organización social; mais esta última non se pode producir *a contramán*.

As éticas particulares, que se poden observar na cidade posmoderna, unen materialismo e espiritualismo. E, ao igual que noutras etapas de efervescencia cultural, isto crea unha especie de realismo máxico que deixa pampo o conxunto de observadores sociais, os cales, sendo como son «homes teóricos» (Nietzsche), teñen moitos problemas para aprehender a fame negra vital nas súas diversas encarnacións.

A exacerbación do corpo individual no marco dun corpo colectivo remite a outra forma de vencello social que ten unha forte compoñente «lococéntrica», e no cal se atopa, en efecto, o espazo predominante da cidade. Espazo do corpo propio, que se traballa a gusto de cadaquén, que se viste pola misa, que se enfeita por pracer, que se mutila por gozo doloroso. Territorio do corpo tribal que un se afana en conquistar e que se defende contra toda forma de intrusión. En todos os casos, espazos simbólicos que xeran e reforzan o vencello. Isto é o que se pode chamar «ligazón imaxinal».

Teño sinalado a miúdo este deslizármonos desde o «logocentrismo» cara ao «lococentrismo», lembrando que existen épocas nas cales *o lugar fai ligazón*. Unha ética máis próxima ao espazo e á



simplicidade das relacións, un *Vínculo* renovado e depurado grazas á superación de leis artificiais resultantes da fosilización e da inercia institucionais.

A actitude «contemplativa» que predomina na pulsión política, típica de xeracións anteriores; o feito de, nas relacións sociais, a intuición ocupar o lugar das asociacións meditadas (partido, sindicatos); o feito de lles dar prioridade a todas as ocasións de «transporte» (transportes festivos, efervescencias diversas): todo isto crea unha atmosfera específica na cal o suxeito substancial que, na tradición occidental, nos resultaba familiar xa non importa moito. O subxectivo tende a cederlle o seu lugar ao «traxectivo» (Gilbert Durand); é dicir, ao *coñecemento* directo do íntimo vencello que existe entre toda cousa.

«Correspondencia» (no sentido poético do termo) intuitiva, unión cos demais e co espazo circundante da cidade posmoderna: todo isto tradúcese, falando trivialmente, no feito de «sentirse transportado», de «pasalo de medo» ou de ter «*feeling*». É longa a lista de expresións deste tipo que transmiten a superación dunha lóxica discursiva e subliñan a calma violencia do fluxo vital. Un pode ofuscarse, xaora, mais non por iso deixa de ser certo que o *imperativo categórico* da moral establecida dá paso, cada vez máis, á posta en práctica de pequenas liberdades intersticiais onde domina unha forma de alegre inmoralismo. Velaí o *ordo amoris* (M. Scheler) causa e efecto das múltiples éxtases sociais das que a cidade nos ofrece múltiples exemplos.

Podemos relacionar todo isto co intuído por Bergson: o paso do estático ao dinámico, do pechado ao aberto, dunha vida rutineira á vida mística. Así se aclaran ben, en teoría, todas aquelas situacións empíricas en que a *fórmula* conceptual (política ou social) cede ante unha *forma* operatoria. Unha forma comunitaria na cal cadaquén xa non procura a súa singularidade nin afirma a súa especificidade, senón que se dedica, concretamente, a non ser máis que un só co obxecto que lle pertencer ou ao que un lle pertencer. Unha forma que se basea, en esencia, na imaxe.

Pedras vivas dun templo inmaterial onde un se «sente» ben. Construción simbólica coa que todo



semella estar en conxunción. Morada real ou virtual que ofrece protección e conforto. Os amantes dos xogos informáticos sábeno ben, eles, que buscan freneticamente nas redes da Internet un xeito de comuñón e que crean, así, comunidades non menos «reais» que os grupos sociais —ergo, racionais— propostos pola sociedade. Neste sentido, os pseudónimos que se empregan son como tantas marcas que un fai no propio corpo: algo que permite integrar un organismo colectivo. Aí adoita haber unha innegable «adicción», mais isto non é máis que un sinal de borracheira colectiva: a de deixar un a súa pegada na tráxica impermanencia da orde mundana.

Isto invítanos a lle seguir a *pista* ao nomadismo tribal contemporáneo, típico da cidade posmoderna e feito, paradoxalmente, de arraigamento e de exilio. Do desexo de ser e de vivir *aquí*, malia que tendo morriña do de fóra. Non hai que ver neste paradoxo o fracaso dunha moral racional que impuxo un arresto domiciliario, unha existencia pechada en si mesma, e, ao mesmo tempo, o xurdimento dunha ética dinámica que une os opostos? O corpo e o espírito, a razón e o sensible, o intelecto e o imaxinario. Abofé, isto dá que pensar.

G. Simmel, agudo pensador da modernidade e pai de múltiples visións intuitivas sobre a posmodernidade, presenta unha fermosa metáfora do mundo vital: a ponte e a porta. Aquela péchase sobre si e pon o acento na identidade, nas institucións plurais; aquela, pola contra, simboliza un vencello fundamental cos demais e coa natureza. Interdependencia absoluta coa cal se pode definir a cidade posmoderna.

Os historiadores xa amosaron ben como no século XVI se instaurou progresivamente unha nova orde que delimitaba a vida das sociedades europeas. Un xurista como Carl Schmitt falaría mesmo dun «*Nomos da terra*», no cal ese *nomos* (máis que «lei») externo designa unha lóxica interna pola cal, e grazas á cal, se definirán as relacións contractuais que vinculan todo Estado cos demais.

Sobre que descansa este dereito? Pois ben, o seu eixo é un individuo autónomo; un individuo cuxa característica esencial consiste en ser racional, capaz de pensar por si mesmo e actuar en



consecuencia. Encerrarse na coiraza da individualidade, ou, como indica Descartes, na «fortaleza do espírito»: velaí o elemento básico da construción moderna e a primeira expresión da metáfora da porta.

A segunda áchase en todas aquelas institucións, a un tempo sólidas e racionais, que se elaboraron ao longo do século dezanove. Por mor delas e grazas a elas, as comunidades móbiles, plurais e fragmentadas, as comunidades dotadas dunha forte carga emocional, van deixar paso a sociedades cuxa principal característica é o fundamento racional de todo ser conxunto: o da cidade moderna.

E o cabo de tal construción é a consolidación do Estado-nación; deses Estados-nación que van constituír Europa e que despois, progresivamente, van contaminar o mundo na súa totalidade. Máis unha vez, eis a «porta» que é un símbolo; ou, mellor, a autoconsciencia nacional. De igual modo, é esta porta a que permite comprender a natureza das relacións que se dan entre eses Estados-nación: cada un para si e cada un no seu.

No entanto, igual que o *Nomos* moderno se creou a partir da circunnavegación oceánica e das descubertas que esta comportara, pódese pensar tamén que a «*circunnavegación informática*» está conformando un novo *Nomos*, unha outra lóxica de estar xuntos, e isto é o que se transmite con expresións como «globalización» ou «mundialización».

Pouco importan os matices que existen entre estes termos; o que está en xogo é, sen dúbida, o novo imaxinario dunha nova orde. Unha orde que xa non é «eurocéntrica» e que crebou *de facto* as diversas «portas» que delimitaran a fortaleza moderna.

Percíbese confusamente que a nosa civilización está a experimentar un salto paradigmático, mais resúltanos difícil delimitar os seus efectos e avaliar as consecuencias. A metáfora da «ponte» pode servir de panca metodolóxica con que relativizar o temor e o espanto suscitados polas supostas maldades da globalización.



Esta metáfora permite lembrar que non é a primeira vez nas historias humanas que hai circulación no aire do tempo. Existiu a circunnavegación pola contorna mediterránea antes de que cristalizase a cultura grecolatina, igual que existiu a circunnavegación oceánica antes de que se construise a civilización burguesa. Isto permite comprender a «ponte» que representa a arañeira electrónica en tanto que xermolo dunha cibercultura planetaria. **Achámonos no corazón do que vai caracterizar a cidade posmoderna.**

En efecto, resulta imposible bloquear as múltiples conexións que son propias desta cibercultura. É certo que algúns países aínda o intentan, mais non se pode dominar este proceso de contaminación; porque é «viral» o termo con que convén describir o impacto dos motores de busca, o dos sitios de contactos, dos foros de debate e doutros xeitos de difundir información.

Teño dito que o «Tempo das tribos» é o da «rede de redes»; é dicir, unha orde que escapa á verticalidade das institucións e favorece a horizontalidade dunha solidariedade comunitaria. Lembrámonos da imaxe do «tecido social» proposta por Durkheim. A ficción faise realidade. E é en tanto que «tecido» como procede aprehender as novas relacións que caracterizan a socialidade posmoderna, nas cales, máis unha vez, achamos o carácter esencial da cidade contemporánea.

En todos os eidos —accións políticas, reivindicacións sindicais, protestas económicas, propaganda relixiosa, debates teóricos—, a «arañeira» desempeña un papel fundamental. O mesmo pode dicirse dos diversos servizos (sanidade, lecer, turismo) ou da busca de relacións de amizade ou sexuais.

En todos estes casos, as «portas» nacionais e partidistas —en resumo: institucionais— dan paso ás «pontes» suscitadas polas novas necesidades e os novos desexos. Neste sentido elabórase unha mitoloxía do «vínculo» global; unha mitoloxía da interdependencia, a das interconexións en que latea o corazón da cidade posmoderna.